

**A ARQUITECTURA SEN ARQUITECTOS:
A ARQUITECTURA ANÓNIMA A TRAVÉS
DOS TRABALLOS DE VICENTE RISCO**





A ARQUITECTURA SEN ARQUITECTOS;
A ARQUITECTURA ANÓNIMA A TRAVÉS
DOS TRABALLOS DE VICENTE RISCO



Un núcleo histórico é un espazo de memoria habitado, vivo, con proxección de futuro. Iso implica unha necesaria obriga de rehabilitar e, en moitos casos, de introducir novas edificacións. Ante iso, é preciso establecer unha relación entre as arquitecturas preexistentes, froito da estratificación histórica, con outras que han de representar a nosa época. Proceso que terá continuidade no futuro. Esa relación establecerase mediante un diálogo reflexivo co medio sobre o que se actúa, e se o diálogo fose mudo actuar con creatividade harmónica en relación coas formas, volumes, parcelas e rueiro preexistentes, e sempre coa cautela e honestidade de que se está a crear un patrimonio futuro que enriquecerá o anterior. É preciso innovar para non mimetizar nin repetir, mais dende a nosa realidade e do coñecemento do medio herdado, espazo de afectividade e autoestima.

Os planeamentos deben ser integrais, poñendo sempre en relación os centros históricos cos seus espazos circundantes e, primando os espazos públicos en canto que conforman os auténticos escenarios de relación social e convivencia.

As normativas urbanísticas non deberían verse como unha simple tradución da lei do solo, senón como reflexo dunhas normas consensuadas de convivencia. Tamén se elaborarán con total claridade, con fichas e catálogos accesibles ao público e con coherencia de contidos.

É preciso achegar á sociedade coñecementos sobre o patrimonio, mais entendido este non como unha transmisión de conceptos especializados, senón cun criterio de educación cívica.

"Cada día máis, a arquitectura é o símbolo máis claro da alma dos pobos. Cando a estrutura da casa cambia, é que a alma do pobo trocou ou virouse, para a vida ou para a morte".

Vicente Risco, Mitteleuropa.



"Galicia é finita, dentro do seus límites hai preexistencias que temos que conservar como elementos identitarios, como identidade cultural. No momento en que non teñamos nin territorio nin lingua, non sabermos quen somos como pobo. Os galegos fomos ocupando o territorio de forma diferente a outros pobos, por iso temos 32.000 núcleos de poboación. E, curiosamente, sempre entendemos ese territorio, que nos daba unha serie de recursos naturais e nos permitía vivir e explotación".

Teresa Táboas Veleiro.



"Durante anos negóuselle a categoría de arquitectura a esta arquitectura popular. Negóuselle, como acto creativo dentro dunha cultura arquitectónica".

A GALICIA RURAL NA ENCRUCILLADA.
Manuel Gallego Jorrete.1975.

Bernard Rudofsky formulou o problema no ano 1964 cunha exposición organizada no Museo de Arte Moderno de Nova Iorque: "ARQUITECTURA SIN ARQUITECTOS".

ARQUITECTURA SIN ARQUITECTOS

BERNARD RUDOFSKY

EDITORIAL UNIVERSITARIA DE BUENOS AIRES

Artigo 1º

A noción de monumento histórico comprende a creación arquitectónica isolada así como o conxunto urbano ou rural que dá testemuña dunha civilización particular, dunha evolución significativa, ou dun acontecemento histórico. Refírese non só ás grandes creacións senón tamén ás obras modestas que teñen adquirido co tempo unha significación cultural.

Carta de Venecia.

II Congreso Internacional de Arquitectos e Técnicos de Monumentos Históricos, Venecia. 1964. Aprobada por ICOMOS en 1965.

OS PRIMEIROS INVESTIGADORES EN GALICIA

Ata hai poucos anos os estudos sobre a nosa arquitectura popular eran escasos e moi dispersos. O entorno edificado que rodeaba ás arquitecturas monumentais e de autor era completamente ignorado, como acontecía noutros lugares.

A principios do século XX xurden algúns traballos, o primeiro do que se ten constancia sobre as pallozas do Cebreiro é *"Por las Montañas de Galicia"* de Ángel del Castillo ano 1913.

Entre os anos 1918 e 1941 continuaron outros traballos sobre diversos aspectos das construcións galegas, de autoría de investigadores non galegos.

A partir de 1920 Vicente Risco, Otero Pedrayo, López Cuevillas, Xaquín Lourenzo, Fermín Bouza-Brey, Taboada Chivite ou Antonio Fraguas. A *Xeración Nós* e o seu entorno, membros case que todos eles do inesquecible Seminario de Estudos Galegos, realizan investigacións que se plasmarán en publicacións monográficas:

- *Vila de Calvos de Randín* (1930).
- *Terra de Melide* (1933).
- *Parroquia de Velle* (1936).
- *Terra do Deza* (inédito).



Estes traballos que noutros lugares ocupaba a membros do GATEPAC (Grupo de Artistas y Técnicos Españoles para la Arquitectura Contemporánea), todos eles arquitectos, en Galicia eran realizados por etnógrafos. Caso da nosa *Xeración Nós* e do SEG.

En Risco dáse unha dimensión que adoitamos chamar renacentista. Talentoso literato, ensaísta desacougante, fondo historiador, etnógrafo e antropólogo, orientalista pola "gnose", coñecedor sempre ao día da arte, con mans de sutil artista plástico... Mais sobre todo pensador.

Arturo Lezcano Fernández,
"O Profeta". Vicente Risco, O mestre sempre vivo.



A DÉCADA DE 1960

Cando estoupa a guerra civil española, algún dos membros do *Seminario de Estudos Galegos* estaban a traballar nas terras do Deza, sorprendéndoos aquí o inicio da contenda. Nese momento, Xaquín Lourenzo traballaba nunha obra semellante ás xa publicadas sobre Calvos de Randín, Velle e Melide, mais non puido rematala, ficando tan só das súas investigacións unhas cantas anotacións, algúns esbozos e un pequeno feixe de debuxos.

O traballo quedou paralizado, por mor da guerra civil, durante un período de 30 anos; ata que na década de 1960 se retoman aqueles primeiros traballos dos homes de Nós e do *Seminario de Estudos Galegos*.

Santa Marta de Moreiras,
Xosé Ramón Fernández-Oxea
(Benchosei) 1968.

A gran obra de conxunto aparece no ano 1962 en Bos Aires, no tomo II da *Historia de Galicia* dirixida por Ramón Otero Pedrayo baixo o título *"Etnografía Cultural Material"* de Xaquín Lourenzo, obra referente a partir deste intre, e punto de partida de todos os estudos realizados con posterioridade.



No Volume I deste mesmo proxecto, publícase *"Etnografía, Cultura Espiritual"* de Vicente Risco.

AS PUBLICACIÓNS NA ACTUALIDADE (I)

Aqueles traballos foron continuados despois dos anos 60 con monografías variadas:

- *Bamiro*, Xosé María Lema Suárez (1977).
- *Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida*, P. de Llano (1981).
- *Arquitectura vernácula en Pontevedra*, Fernando Martínez Sarandeses (1982).
- *A casa mariñeira en Cangas do Morrazo e arredores*, Francisco Mallo (1982).
- *As pallozas*, Mark Gimson (1983).




Como na obra de *Xaquín Lourenzo en Historia de Galicia*, mais coa moderna metodoloxía e con outros medios moi diferentes aos dos anos 50, cando Xocas realizou o seu traballo, a realidade da nosa arquitectura anónima foise plasmando con ese mesmo carácter de globalidade en publicacións que afondaron e ampliaron aquel primeiro traballo.

- *As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia*, Begoña Bas (1983).



- *Arquitectura popular en Galicia (tomas 1 e 2)*, Pedro de Llano (1981 e 1983).
- *La Arquitectura Popular*, en *Galicia Eterna*, Pedro de Llano (1984).
- *La vivienda popular Gallega* en *Arte y Arquitectura*, Pedro de Llano (1985).




AS PUBLICACIÓNS NA ACTUALIDADE (II)

- *Arquitectura popular en Galicia. Razón e Construción*, Pedro de Llano (1996).



- *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia. Tomo XXIII de Antropoloxía, do Proxecto Galicia da Editorial Hércules*, Manuel Caamaño (1997).

- *A casa Popular*, Manuel Caamaño (1999).
- *As construcións adxectivas*, Manuel Caamaño (1997).



- *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia*, Manuel Caamaño (2003).


A CASA

NA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA (I)

• *"A unidade económica de Galicia é a casa, o grupo transfamiliar a parroquia."*
Vicente Risco. *HISTORIA DE GALIZA. 1ª PARTE.*



En Galicia enténdese a casa como un conxunto formado por todas as edificacións e as terras, así como a facenda e as persoas da familia que viven no seu núcleo central a casa-vivenda e traballan baixo o mesmo teito. Os membros do *Seminario de Estudos Galegos* recollen nos seus traballos este valor aglutinador dos seus integrantes e a súa intensa relación co medio, á vez que da protección del.



Escribiu Vicente Risco que *"a arquitectura é o instrumento de acomodo do home na terra (...)* e que *a unión do home coa paisaxe consiste fundamentalmente na súa relación co medio e exprésase por medio da súa arquitectura, permitindo que ao seu través poida deducirse todo o resto da cultura"*.

Part VII
A CASA
NA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA

A CASA

NA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA (II)

"O elemento máis interesante de toda a produción popular é sen dúbida, a casa. Non enche samente o refuxio contra os ataques do medio ambiente senón que é tamen aglutinante que une entre si aos membros da mesma familia."

Xaquín Lourenzo.
HISTORIA DE GALIZA VOLUME 2.



"A casa non é unicamente unha construción, é unha institución creada para servir a un complexo grupo de fins. Por iso a súa construción é un fenómeno no que inflúirá o tipo de personalidade do noso pobo, o seu carácter nacional, a súa cultura, a súa relixión, así como o modo de produción característico da súa economía."

Pedro de Llano 1981.



Unha casa de cima da vila



Part VIII
A CASA
NA ARQUITECTURA POPULAR GALEGA

AS ESCALAS (I)

Xaquín Lourenzo completa a visión da casa "O home lígase directamente á casa do mesmo xeito que a casa se xingue na terra, sendo así a vivenda un vencello que xingue o home coa xeografía dun xeito íntimo."

De "A Casa", HISTORIA DE GALIZA VOLUME 2.



OS TELLADOS




CHEMINEAS




AS ESCALAS (II)



PECHOS E CARAVILLAS



FENESTRAS E BUFARDAS



VISAGRAS

AS CASAS VIVENDA

Final XI XII

"A Casa vivenda é a construción máis importante das que hai no complexo casa, xa que ten a función de acubillar aos membros da unidade familiar e á súa facenda. Ven a ser a edificación onde se organiza para os seus habitantes o tempo de comer, dormir e lecer..."

Caamaño, 2003.



AMOBLAXE AXE



M

O

B

L

A

X

E



AS CONSTRUCCIÓNS ADXECTIVAS



HORREOS



ALPENDRES

"pendello, combarrizo, chapitel, pallote, cabana, cabanel, cabanate, cuberto, alboio, cabano, tanada, cobertizo, garaxe, chozo, combarro"



"O urbanismo é unha das cousas máis antigas que existen; as cidades primitivas construíronse conforme a esquemas máxicos"
Vicente Risco, *Orden y Caos*.






"A arquitectura é algo ligado á terra que case que inqueda, porque non te podes arredar dela. Se colles unha pedra e a colocas enriba doutras, fas un muro, e as pedras que non colliches seguen arredor en boa harmonía. Este mimetismo é un camino seguido pola arquitectura popular. Mais tamén existe outra posibilidade: no campo, un observador rígoroso procura non a pedra grande con mofo, senón que, coma un mineraloxista, ollá que os cachiños desas pedras son cristais, que por unhas leis divinas cristalizan en formas xeométricas que parecen case un produto humano da ciencia; están aí só que nunha escala distinta."

Fixándonos ben, poderíamos coller un deses cristais, que son purísimos, transparentes, de cores, e isto rompe a natureza? Todo depende da escala con que o fagas."


Alejandro de la Sota.



OS PERFÍS DO TERRITORIO (I)



OS PERFÍS DO TERRITORIO (II)



OS RECINTOS FEIRAIS:

AGOLADA

Unha das características da arquitectura popular galega foi a súa capacidade de dar resposta a todos os problemas que afectaban ao labrego, tanto na súa vida privada como na comunitaria. As construcións feirais son clara mostra disto. Acobexan das inclemencias climatolóxicas aos que acoden á feira. Illadamente non contan cun gran valor plástico, mais formando parte dun conxunto dan lugar a espazos dunha indubidábel calidade arquitectónica. Bascándose unicamente na súa funcionalidade, redúcense a galpóns de 2 ou 3 m. de largo e uns 10 ou 20 m. de lonxitude coa fachada posterior e, en ocasións, os laterais do muro en pedra. Mentres que o fronte aparece aberto e unicamente é interrompido polo ritmo dos elementos estruturais.





Agolada conserva aínda unha boa parte do conxunto do mercado cos pendellos que lle deran identidade de vila feirante. Logo de moitas vicisitudes foise salvando unha parte do conxunto arquitectónico. Ata non hal moitos anos mantiñase no seu estado primitivo. Varias actuacións urbanísticas moi desafortunadas destruíron máis do 70 % deste, logo das desfeitas a superficie actual é de 5.600 m².



AGOLADA

NOS ÚLTIMOS ANOS



"A rúa central, curiosamente de nome Parranda, foi substituída na súa orixinal constitución terrea, primeiramente por un pavimento de chapapote e hoxe por un enlousado en pedra encintado con cemento. Asemade, outra gran parte do mercado destruíuse por mor da ampliación e construción dunha praza e da nova casa do Concello. Á súa vez, érguense edificios de nova pranta derrubando para isto os pendellos existentes do seu emprazamento."

M. Casamaño.



AGOLADA

NA ACTUALIDADE

Os pendellos d'Agolada datan do século XVIII e constitúen un dos campos de feira mellor conservados, xa que outros recintos similares ou ben están en peores condicións de conservación, ou ben foron substituídos por construcións recentes ás veces pouco afortunadas.



A Consellería de Cultura, despois de mercar este conxunto de edificacións feriais en decembro de 2006, destinou unha partida orzamentaria para a rehabilitación deste complexo declarado Ben de Interese Cultural.



CRUCEIROS

O dicionario galego-castelán de Marcial de Valladares define así a verba cruceiro: "cruz grande de madeira ou pedra, que se adoita poñer nas encrucilladas, en sitios polos que poden pasar os cadavres, ou puntos onde morreu alguén en desgraza".



BAIONA



COMBARRO




MACEDA



PÍAS

PETOS DE ÁNIMAS

AS PEQUENAS INDUSTRIAS



Peto en Santa Maria de Amoeiro. A cruz de remate non é orixinal.

MUÍÑOS



FORXA



TEAR



FORNO DE TELLEIRA



BIBLIOGRAFÍA

BAS LOPEZ, BEGOÑA; As construcións populares: un tema de etnografía de Galicia. Edicións do Castro. 1983.

BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA; Arte Popular. Los petos de ánimas. Boletín Auriense, Anexo 3. 1985.

CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL; As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia. Tomo XXIII de Antropoloxía, do Proxecto Galicia da Editorial Hércules. 1997.

CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL; A Casa Popular. Caderno do Museo do Pobo Galego. 1999.

CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL; As construcións adxectivas. Caderno do Museo do Pobo Galego. 1999.

CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL; As construcións da arquitectura popular. Patrimonio Etnográfico de Galicia. 2003.

CASTELAO, ALFONSO RODRÍGUEZ; As cruces de pedra na Galiza.

GALLEGO JORRETO, MANUEL; "O medio rural galego e a súa arquitectura en Galicia". Encrucillada. Galaxia. 1975.

GALLEGO JORRETO, MANUEL; "O medio rural galego". Obradoiro 1. COAG 1978.

LÓPEZ CUEVILLAS, FERNÁNDEZ HERMIDA e LOURENZO FERNÁNDEZ, Parroquia de Velle. Seminario de Estudos Galegos. 1936.

LÓPEZ CUEVILLAS, FERNÁNDEZ HERMIDA e LOURENZO FERNÁNDEZ, Vila de Calvos de Randín. Seminario de Estudos Galegos. 1936.

LOURENZO FERNÁNDEZ, XAQUÍN; "Etnografía, cultura material". Historia de Galicia, tomo II. 1962.

LLANO CAVADO, PEDRO; "Agolada. A desaparición dos espazos arquitectónicos das feiras galegas". Obradoiro 5, COAG. 1979.

LLANO CAVADO, PEDRO; Arquitectura popular en Galicia, tomo 1. COAG. 1981.

LLANO CAVADO, PEDRO; Ons, a arquitectura dunha comunidade desaparecida. Caderno de Seminario de Sargadelos, nº 39. 1981.

LLANO CAVADO, PEDRO; Arquitectura popular en Galicia, tomo 2. COAG. 1983.

LLANO CAVADO, PEDRO; Arquitectura popular en Galicia. Razón e construción. COAG. 1996.

RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA; Santa Marta de Moreiras. Ed. Castrelos. 1968.

RISCO, VICENTE; Estudo etnográfico da Terra de Melide. Seminario de Estudos Galegos. 1933.

RISCO, VICENTE; "Etnografía. Cultura Espiritual". Historia de Galicia, tomo 1. 1962.

RUDOFISKY, BERNARD; Arquitectura sin arquitectos. Ed. Universitaria de Bos Aires. 1975.

